



**RESOLUCIÓN REITORAL DE 15 DE ABRIL DE 2026 POLA QUE SE ABRE A CONVOCATORIA DE 5 AXUDAS DE MOBILIDADE DE ALUMNADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA PARTICIPAR NUN CURSO INTENSIVO QUE TERÁ LUGAR DO 14 AO 18 DE SETEMBRO DE 2026, ORGANIZADO POLA JOHANNES KEPLER UNIVERSITY OF LINZ (AUSTRIA) NO MARCO DO PROXECTO ERASMUS+ KA2 ASSET**

A Universidade de Vigo, como institución elixible trala obtención da ECHE (Erasmus Charter for Higher Education) para realizar actividades co programa Erasmus+, participa no proxecto ASSET de mobilidade no marco da acción KA2, para desenvolver accións de cooperación internacional innovadoras e intercambio de boas prácticas, incluíndo programas de estudo de carácter internacional, accións de formación de curta duración no que participan estudantes e persoal docente de institucións de ensino superior de diferentes países co obxectivo de que estudantes e persoal docente traballen en grupos multinacionais, así como permitir que membros do persoal docente melloren os contidos desenvolto para unha futura plataforma internacional de aprendizaxe da contabilidade e deseñar metodoloxías docentes innovadoras na aprendizaxe de temáticas contables. ASSET reúne no consorcio a oito universidades europeas. Unha vez vista a *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento e en virtude da participación da Universidade de Vigo no proxecto ASSET e das facultades que lle outorgan a Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario e o artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

**ESTA REITORÍA RESOLVE:**

1. Convocar 5 axudas destinadas ao estudiantado matriculado no curso 2026-27 en estudos de grao, mestrado e doutoramento das facultades de Ciencias Económicas e Empresariais e de Comercio do campus de Vigo e da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo do campus de Ourense, para a súa participación, dentro do proxecto ASSET, nun curso intensivo do 14 ao 18 de setembro de 2026, na Johannes Kepler University of Linz (Austria), no marco do proxecto Erasmus+ KA2 ASSET.
2. Ordenar a publicación desta convocatoria e as bases (anexo I) que a regulan no taboleiro oficial da sede electrónica da Universidade de Vigo así como no portal de convocatorias de bolsas da Universidade de Vigo.

Enlaces: [Taboleiro electrónico oficial da Universidade de Vigo](#) e

[Portal informativo de convocatoria de bolsas de mobilidade de estudantes](#)

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*. Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Asinado dixitalmente en Vigo o 15 de abril de 2026

O reitor

Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación

María Belén Rubio Armesto

**CSV : GEN-f47e-8aa7-dd0c-b0bc-0052-1115-398a-ad65**

Url validación : <https://run.gob.es/hsb0d8bw6q>

**FIRMANTE(1) : MARIA BELEN RUBIO ARMESTO | FECHA : 15/04/2026 11:45 | NOTAS : F**



## ANEXO I

### **BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE 5 AXUDAS DE MOBILIDADE DE ALUMNADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA PARTICIPAR NUN CURSO INTENSIVO QUE TERÁ LUGAR DO 14 AO 18 DE SETEMBRO DE 2026, ORGANIZADO POLA JOHANNES KEPLER UNIVERSITY OF LINZ (AUSTRIA) NO MARCO DO PROXECTO ERASMUS+ KA2 ASSET**

#### 1. OBXECTO

Esta convocatoria ten unha finalidade académica, con recoñecemento das actividades realizadas que podan axustarse ao marco de programas de mestrados ou graos da Universidade de Vigo, así como de adquisición de competencias transversais a través da interrelación con participantes doutros países integrados no proxecto ASSET. Con esta finalidade convócanse cinco axudas de mobilidade para o alumnado de estudos de grao, mestrado e doutoramento oficiais das Facultades de Ciencias Económicas e Empresariais e de Comercio do campus de Vigo e da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo do campus de Ourense, en réxime de concorrencia competitiva para a súa participación nun curso intensivo do 14 ao 18 de setembro de 2026, organizado pola Johannes Kepler University of Linz (Austria).

#### 2. REQUISITOS

Poderá participar na presente convocatoria o alumnado que reúna os seguintes requisitos:

- a) Requisitos académicos: estar matriculada/o no curso 2026-27 nalgún dos graos, mestrados ou doutorados que se imparten nas facultades de Ciencias Económicas e Empresariais e de Comercio do campus de Vigo e da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo do campus de Ourense.
- b) Outros requisitos: ser cidadá/n dalgún dos países membros da UE, de Islandia, Liechtenstein e Noruega, ou dun país candidato á adhesión ou posuír o estatuto de residente permanente, de apátrida ou de persoa refuxiada en España. Poderán participar aquelas persoas que, non sendo nacionais dun dos países participantes no Erasmus+, o sexan de terceiros países e estean en posesión dun permiso de residencia válido en España durante o período de realización da mobilidade.

Non poderán obter a condición de beneficiarios as persoas en quen conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da *Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións*.

#### 3. DOTACIÓN ECONÓMICA

3.1 Importe das axudas: cada persoa beneficiaria recibirá un total de 400 EUR para a viaxe. O importe total da axuda será aboado por transferencia bancaria á unha conta da que sexa titular a persoa beneficiaria con anterioridade á viaxe, unha vez presente a súa aceptación da axuda a través da instancia xenérica (SXER) <https://sede.uvigo.gal/public/catalog-detail/22615858> existente na sede electrónica, e indique na exposición de motivos como asunto “Bolsa mobilidade\_OPI\_proxecto Erasmus+ ASSET” e o órgano ao que se dirixe: Oficina de Proxectos Internacionais (OPI).

CSV : GEN-f47e-8aa7-dd0c-b0bc-0052-1115-398a-ad65

Url validación : <https://run.gob.es/hsb0d8bw6q>

FIRMANTE(1) : MARIA BELEN RUBIO ARMESTO | FECHA : 15/04/2026 11:45 | NOTAS : F



3.2 Aplicacións orzamentarias nas que se imputan os gastos: a Universidade de Vigo aboará as axudas ás persoas beneficiarias no exercicio económico 2026 con cargo á aplicación orzamentaria 2026OPI1121DAST48210 para a que existe unha retención de crédito dun máximo de 2.000 EUR.

3.3 O alumnado non terá que aboar os gastos de aloxamento e manutención durante os días do curso, que serán proporcionados pola universidade de destino, agás nunha tarde libre na que os gastos correrán a cargo do propio alumnado. O aloxamento será en habitacións dobres.

#### 4. INCOMPATIBILIDADES

As persoas beneficiarias non poderán obter outro tipo de financiamento europeo para a mesma finalidade. En relación co parágrafo anterior, o persoal beneficiario ten que ter en conta que o importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o coste da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da *Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións*.

#### 5. FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

5.1. O prazo de presentación das solicitudes comezará ao día seguinte ao da publicación desta convocatoria no taboleiro electrónico oficial da Universidade de Vigo e **ata o día 14 de maio de 2026** ás 23:59 horas (hora peninsular española). A presentación fóra de prazo suporá a non admisión a trámite das solicitudes.

5.2. As persoas solicitantes presentarán a súa solicitude a través da instancia xenérica (SXER) <https://sede.uvigo.gal/public/catalog-detail/22615858> existente na sede electrónica, e indicarán na exposición de motivos como asunto “Bolsa mobilidade\_OPI\_proxecto Erasmus+ ASSET” e sinalarán no apartado do órgano ao que se dirixe: Oficina de Proxectos Internacionais (OPI)

Xunto coa instancia xenérica deberán presentar a seguinte documentación:

- O formulario específico desta convocatoria que se atopa dentro da Secretaría *on line* da Universidade de Vigo no apartado formularios e enquisas, e aberto unicamente durante o período de presentación das solicitudes:  
[https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir\\_paso1/15443](https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/15443)  
Este formulario é obrigatorio cubri-lo e para completar o proceso deberá descargarse para presentalo xunto coa instancia xenérica da sede electrónica.
- Currículo (CV).
- Documento que inclúa unha relación das materias contables cursadas e superadas en titulacións de educación superior. No caso de ter superadas materias en títulos en institución alleas á Universidade de Vigo, deberá achegarse o expediente académico no que aparezan esas materias.

So se terán en conta os méritos obtidos na data de finalización de presentación de solicitudes, non sendo posible a actualización posterior deles. Os méritos presentados pero non acreditados adecuadamente poderán ser obxecto de emenda no período habilitado para iso na resolución de admisión provisional.

5.3. A sede electrónica da Universidade de Vigo dispón de instrucións de axuda para o procedemento de presentación de solicitudes perante a mesma. No caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de presentación dos formularios perante a sede electrónica da Universidade de Vigo, poderán dirixirse ao enderezo electrónico [sede@uvigo.gal](mailto:sede@uvigo.gal).

5.4. Non se admitirán a trámite aquelas solicitudes que se presenten por outras vías. O modelo específico de

CSV : GEN-f47e-8aa7-dd0c-b0bc-0052-1115-398a-ad65

Url validación : <https://run.gob.es/hsb0d8bw6q>

FIRMANTE(1) : MARIA BELEN RUBIO ARMESTO | FECHA : 15/04/2026 11:45 | NOTAS : F



presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para as persoas interesadas neste procedemento conforme ao artigo 66.6 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

5.5. A Universidade de Vigo poderá requirir ás persoas interesadas que acheguen outra documentación que resulte necesaria para a correcta avaliación de requisitos e méritos alegados. O feito de non achegar a documentación requirida poderá ser causa de exclusión.

## 6. RESOLUCIÓNS DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, dítase resolución provisional de persoas admitidas e excluídas, coa mención da causa de exclusión. As persoas interesadas disporán dun prazo de cinco días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución provisional no taboleiro electrónico oficial da Universidade de Vigo para emendar os erros e a falta de documentación presentando subsanacións a través da instancia xenérica (SXER) <https://sede.uvigo.gal/public/catalog-detail/22615858> existente na sede electrónica, e indicarán na exposición de motivos como asunto “Bolsa mobilidade\_OPI\_proxecto Erasmus+ ASSET” e dirixida á Oficina de Proxectos Internacionais (OPI). De non facelo, entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á *Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*. Unha vez revisadas as alegacións, dítase resolución definitiva de persoas admitidas e excluídas.

## 7. AVALIACIÓN E SELECCIÓN DAS SOLICITUDES

7.1. A selección será efectuada por unha Comisión atendendo aos seguintes criterios:

- Media ponderada do expediente da titulación na que actualmente se atope matriculada a persoa aspirante: ata 10 puntos. Este dato numérico será emitido de oficio pola OPI na mesma data de envío á Comisión de avaliación para a súa valoración. Terase en conta a media relativa ao Real decreto 1125/2003, de 5 de setembro, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional. No caso dos estudantes de doutoramento terase en conta a media final do mestrado que lles deu acceso ao programa de doutoramento na Universidade de Vigo. No caso de que dito mestrado non fora realizado na Universidade de Vigo, será preciso achegar a documentación xustificativa do mesmo, incluíndo a cualificación final.
- Entrevista en inglés na que se avaliarán os coñecementos de inglés, o curriculum vitae e o grao de motivación/interese: ata 10 puntos. A título informativo o nivel que o alumnado deberá demostrar será o equivalente a un mínimo dun B1.
- Relación das materias contables cursadas e superadas en titulacións de educación superior: ata 2 puntos por materia, ata un máximo de 10 puntos.

Para obter a bolsa será preciso obter unha puntuación mínima de 5 puntos na entrevista en inglés.

7.2 A Comisión de avaliación está composta por:

- Presidente: Ernesto López-Valeiras Sampedro, Coordinador académico do proxecto ASSET na Universidade de Vigo.
- Secretario: Roberto Graña Álvarez, membro do proxecto ASSET na Universidade de Vigo.
- Vogal: María Silvia Ruiz Blanco, membro do proxecto ASSET na Universidade de Vigo.

CSV : GEN-f47e-8aa7-dd0c-b0bc-0052-1115-398a-ad65

Url validación : <https://run.gob.es/hsb0d8bw6q>

FIRMANTE(1) : MARIA BELEN RUBIO ARMESTO | FECHA : 15/04/2026 11:45 | NOTAS : F



## 8. RESOLUCIÓNS PROVISIONAL E DEFINITIVA DE CONCESIÓN

Efectuada a selección pola Comisión de avaliación, publicarase a resolución provisional de adjudicación e denegación e a listaxe de agarda. As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución provisional no taboleiro electrónico oficial da Universidade de Vigo a través da instancia xenérica (SXER) <https://sede.uvigo.gal/public/catalog-detail/22615858> existente na sede electrónica, indicando na exposición de motivos como asunto “Bolsa mobilidade\_OPI\_proxecto Erasmus+ ASSET” e dirixida á Oficina de Proxectos Internacionais (OPI)

Revisadas as alegacións pola Comisión de avaliación, a Oficina de Proxectos Internacionais comunicarlle a proposta de resolución definitiva de persoas candidatas seleccionadas, denegadas e en lista de agarda, se procede, á Vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, para ditar e publicar a resolución definitiva de concesión, que expresará a relación de axudas concedidas, denegadas e, no seu caso, a listaxe de agarda.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Todas as resolucións ás que se refire este punto publicaranse no taboleiro electrónico oficial da Universidade de Vigo, así como no taboleiro de convocatorias na web da Universidade de Vigo.

Poderán realizarse as comunicacións individuais que resulten necesarias ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

## 9. OBRIGAS

A persoa beneficiaria deberá:

- a. Cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións*, que lle sexan de aplicación, e con todas as bases previstas nesta convocatoria.
- b. Permanecer matriculada na Universidade de Vigo durante o período que realiza a mobilidade.
- c. Remitir á Oficina de Proxectos Internacionais (OPI) a través da instancia xenérica (SXER) <https://sede.uvigo.gal/public/catalog-detail/22615858> existente na sede electrónica, indicando na exposición de motivos como asunto “Bolsa mobilidade\_OPI\_proxecto Erasmus+ ASSET” a seguinte documentación para a xestión e xustificación da súa estada:

CSV : GEN-f47e-8aa7-dd0c-b0bc-0052-1115-398a-ad65

Url validación : <https://run.gob.es/hsb0d8bw6q>

FIRMANTE(1) : MARIA BELEN RUBIO ARMESTO | FECHA : 15/04/2026 11:45 | NOTAS : F



c.1) **A partir do día seguinte á resolución definitiva de concesión da axuda** as persoas beneficiarias terán un prazo de 5 días naturais para:

- Presentar a aceptación ou renuncia da axuda.
- No caso de presentar a aceptación da axuda a persoa beneficiaria deberá presentar un certificado de titularidade de conta bancaria por medio dun procedemento específico en sede electrónica que será tramitado directamente polo Servizo de contabilidade da Universidade de Vigo: <https://sede.uvigo.gal/public/catalog-detail/1256462> . A OPI lembrará este procedemento ás persoas beneficiarias da axuda. De non presentar a aceptación nese prazo, entenderase que renuncian. As renuncias posteriores ás aceptacións deberán presentarse por escrito dirixido á Oficina de Proxectos Internacionais e a través da sede electrónica.

As renuncias aceptadas darán lugar á concesión da bolsa á seguinte persoa da listaxe de agarda.

c.2) **Antes do inicio da estadia:**

- Copia do itinerario de voo.
- Copia do seguro de viaxe realizado pola alumna/o que inclúa atención sanitaria, responsabilidade civil e repatriación ao longo de todo o período que comprenda a súa estadia.

c.3) **Unha vez finalizada a estadia:**

- Certificado orixinal de participación activa no proxecto ASSET asinado pola universidade organizadora sen emendas nin riscos.
- Tarxetas de embarque.

## 10. REVISIÓN E REINTEGRO DAS AXUDAS

No caso de que a/o estudante non leve a cabo a estadia ou parte dela, a Universidade de Vigo resérvase o dereito de reclamar o importe da axuda concedida ou unha parte proporcional da mesma. Son causas de reintegro completo:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidos na convocatoria.
- Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Ser beneficiario/a doutra bolsa ou axuda incompatible para a mesma fin.

## 11. PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXPDP") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que vostede nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de xestionar a presente convocatoria e tramitar o pagamento das bolsas ás persoas que resulten beneficiarias e amparados pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades.

Coa súa participación nesta convocatoria as persoas interesadas autorizan á Universidade de Vigo para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza desta convocatoria de Erasmus+ KA2. Non obstante e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 813419 ou ao enderezo electrónico [igualdade@uvigo.es](mailto:igualdade@uvigo.es). Os datos serán tratados para a xestión das subvencións e para finalidades relacionadas co programa Erasmus+, tanto informativas como para procesos de selección desta convocatoria e outras con fins semellantes e serán enviados ao coordinador do proxecto europeo Erasmus+

CSV : GEN-f47e-8aa7-dd0c-b0bc-0052-1115-398a-ad65

Url validación : <https://run.gob.es/hsb0d8bw6q>

FIRMANTE(1) : MARIA BELEN RUBIO ARMESTO | FECHA : 15/04/2026 11:45 | NOTAS : F



ASSET.

Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos. E en todo caso durante os prazos legais obrigatorios de conservación da documentación do proxecto.

Vostede está obrigado a facilitar estes datos en virtude do especificado no parágrafo anterior e, en caso de non facelo, as consecuencias serán non poder realizar os trámites da convocatoria nin tramitar o pago da bolsa correspondente a cada persoa candidata. Vostede ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Devanditos dereitos poderá exercelos mediante solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo por medio do rexistro da Universidade de Vigo, ou calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

Igualmente poderá dirixir dita solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos da Universidade de Vigo enderezo electrónico: [dpd@uvigo.gal](mailto:dpd@uvigo.gal)

Así mesmo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Mais información en: <https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/proteccion-datos-0>

CSV : GEN-f47e-8aa7-dd0c-b0bc-0052-1115-398a-ad65

Url validación : <https://run.gob.es/hsb0d8bw6q>

FIRMANTE(1) : MARIA BELEN RUBIO ARMESTO | FECHA : 15/04/2026 11:45 | NOTAS : F

